

RECOMENDACIÓNS SERVIZO EMPREGO

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

**PARA FACER UNHA**

**ENTREVISTA DE TRABALLO**



XUNTA  
DE GALICIA



REDE DE  
TÉCNICOS  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



autismogALICIA

**EMPREGO**

Federación AUTISMO GALICIA





## A ENTREVISTA DE TRABAJO

### Que é?

A entrevista de traballo é o momento máis importante do proceso de selección, a ela só acceden as persoas con posibilidades de ser contratadas. É a fase definitiva, dentro do proceso de búsqueda de emprego.

O envío da carta de presentación e curriculum o fixemos coa finalidade de conseguir unha entrevista e así poder participar nun proceso de selección.

### Para que serve?

A entrevista de traballo serve para que a empresa coñeza a túa formación e experiencia profesional, a túa motivación e actitude polo posto de traballo que ofertan.

### Que busca o/a entrevistador/a?

- Averiguar se eres a persoa adecuada para o posto de traballo.
- Averiguar se tes dispoñibilidade para as condicións do posto de traballo.

### Que tes que demostrarlle?

- Amosar que estás moi interesado/a no posto de traballo.
- Trasmitir a túa competencia laboral para o posto de traballo.



## Como podo prepararme para a entrevista?

- Intenta recadar información sobre a empresa, normalmente na súa web podes atopar moitos datos de interese para a entrevista.
- Intenta ter moi preparado o teu curriculum (a túa formación e experiencia laboral) e os teus puntos fortes e débiles.
- Prepara as preguntas que queres facer: horario de traballo, localización do traballo etc.

## Tipos de entrevistas?

### Entrevista presencial individual.

A empresa cítate para unha reunión presencial co fin de coñecerte mellor e descubrir a túa idoneidade para o posto de traballo ofertado.

### Entrevista presencial grupal.

Son entrevistas entre 3 ou máis persoas onde se fan probas para solventar problemas e opinar sobre algún tema. Valoran a túa capacidade para resolver problemas e o teu modo de relacionarte e comunicarte.

## FASES DA ENTREVISTA

### **SAUDAR:**

Saúda ao/a entrevistador/a e preséntate con naturalidade.

### **CONVERSA SOBRE O POSTO DE TRABAJO:**

- Normalmente a persoa que realiza a entrevista, comezará ofrecéndote información sobre a empresa e o posto de traballo.
- Despois a persoa que realiza a entrevista comezará coa recollida de información sobre ti; formación académica, experiencia laboral, motivacións etc.



### **FINAL DA ENTREVISTA:**

Neste momento, podes consultar calquera dúbida relacionada coa e presa, as condicións de traballo e o proceso de selección.

### **DESPEDIDA:**

É moi importante que te amoses cordial na despedida e acórdate de agradecer a oportunidade de poder participar no proceso de selección.

## **Consellos:**

- Prepara a entrevista previamente: o teu curriculum, puntos fortes e débiles. Busca información da empresa.
- Puntualidade.
- Acude aseado e ben vestido
- escoita atentamente e pregunta o que non entendas
- Trata de vostede a persoa que realiza a entrevista
- As respostas non deben contemplar críticas aos anteriores traballos

A comunicación non verbal (xestos, posturas, linguaxe corporal) é tan importante como a linguaxe verbal.

## **Recorda:**

Calquera dúbida que teñas podes pedir axuda en:

**SERVIZO DE EMPREGO**  
**DA FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA.**

T. 981 589 365

Info@autismogalicia.org

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)



**SEDE SOCIAL**

Rúa Home Santo de Bonaval,74

**CENTRO DE RECURSOS**

Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

[Info@autismogalicia.org](mailto:Info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)